

## Montes, Parques e Xardíns

### PROTOCOLO DE ACTUACIÓN EN ARBOLADO URBANO

Como consecuencia do plan de humanización das rúas e obras na cidade dende o Servizo de Montes, Parques e Xardíns elaborouse un protocolo de actuación sobre o arborado partindo da premisa de **conservar todos os exemplares** posibles e aumentar a cantidade de unidades arbóreas, xardineiras e espazos verdes de maior calidade.

Aínda así e por mor da existencia nas rúas de arborado non óptimo por diferentes causas: envellecido, en mal estado sanitario, novo ou de dimensións non adecuadas o seu emprazamento e debido á necesidade de realizar novas instalacións de servizos (gas, telefonía, electricidade..), reubicación de contedores, saídas de garaxes.. que danarían ó sistema radicular ou aéreo estudíouse a substitución de exemplares dalgunhas variedades por outras máis acordes á nova disposición do espazo.

Có estudo das actuacións en cada unha das rúas obxecto de mellora realizouse un cadro exposto continuación no que se detalla a situación actual e futura en relación ó arborado existente.

OBRA/CALLE	ARBOLADO ANTIGUO					ARBOLADO NUEVO		
	UDS	ESPECIE	TOT	UDS APROV	DESTINO	ESPECIE	UDS	TOT
Andalucía		NON EXISTE				Camellia japonica	6	6
Aragón-Urzaiz		NON EXISTE				Camellia japonica	6	6
						Jardineras	5	
Avda Castelao	48	Acacia dealbata Mimosa	48	48	* Parque lineal del Lagares	Ligustrum j. "Excelsum Superbum" Aligustre	48	48
Badajoz		NON EXISTE				Jardineras		
Baiona		NON EXISTE				Ligustrum lucidum		
Balaidos	33	Crataegus Espino	33			Prunus eminens Ciruelo de Flor	83	83
Baleares	46	Tilia tomentosa Tilo	46		Viveros Municipales	Ligustrum j. "Excelsum Superbum" Aligustre	46	46
Barcelona	101	Acer negundo "Flamingo"	101			Acer negundo "Flamingo"	186	186
Canarias	23	Ligustrum japonicum Aligustre	23			Ligustrum j. "Excelsum Superbum" Aligustre	18	18
Castrelos	31	Tilia tomentosa Tilo	31	13		Tilia tomentosa Tilo	87	89
						Quercus fastigiata Roble fastigiado	2	
Coruña	68	Betula celtiberica Abedul	88	10	* Viveros municipales Castrelos	Camellia japonica	98	98
	20	Populus alba chopo						
Cristo		NON EXISTE				Camellia japonica	14	14

## Montes, Parques e Xardíns

Elduayen		NON EXISTE				Naranjo	29	67
						Camellia japonica	30	
						Malus floribunda Manzano de Flor	8	
Estrada		NON EXISTE				Falso platano	56	56
Eugenio Kraft		NON EXISTE				Koeleuteria paniculata	4	13
						Camellia japonica	9	
Extremadura		NON EXISTE				Jardineras		
Faustino alvarez		NON EXISTE				Jardineras colgantes		
Florida	12	Ligustrum japonicum	12	3	Viveros municipales	Betula utilis Abedul	9	212
						Pyrus calleryana Peral de flor	73	
						Malus floribunda Manzano de Flor	60	
		Aligustre				Prunus virginiana Cerezo rojo	70	
Jesus fernandez		NON EXISTE				Camellia japonica	5	5
Jose Antela Conde		NON EXISTE				Camellia japonica	20	20
León		NON EXISTE				Jardineras	5	5
Marin		NON EXISTE				Trachycarpus Palmera	6	6
		NON EXISTE				Jardineras		
Palencia		NON EXISTE				Camellia japonica	13	13
Paseo de Alfonso	21	Magnolia grandiflora	21	12	Viveros municipales	Malus floribunda Manzano de flor	38	47
				9	Conservar	SE MANTIENE	9	
Paulino Freire		NON EXISTE				Camellia japonica	14	14
Pescadores	10	Tilia tomentosa Tilo	13	10	* Viveros municipales Castro y Castrelos	Malus floribunda  Manzano de Flor	6	6
	3	Platanus hispanica Platano		3				
Policarpo Sanz y García Barbón	38	Camellia japonica	68	38	* Parque de Castrelos	Punica granatum Granado	54	92
	30	Citrus aurantium Naranjo		30		Ceratonia siliqua Algarrobo	38	
Portela	13	Platanus hispanica Platano	13		Viveros Municipales	Camellia japonica	10	
Portanet I		NON EXISTE				Platanus	23	23
		NON EXISTE				Jardineras		
Portanet II		NON EXISTE				Camellia japonica	66	
Redondela		NON EXISTE				Jardineras		
Regueiro (POVISA entorno)	58	Ulmus Olmo	58		Viveros Municipales	Ligustrum j. "Excelsum Superbum" Aligustre	35	35
Sagunto	0	NON EXISTE				Camellia japonica	16	16
Salamanca	0	NON EXISTE				Ligustrum j. "Excelsum Superbum" Aligustre	42	42



## Montes, Parques e Xardíns

Complementario con este cadro tamén se redactaron os criterios a seguir nos labores de transplante de exemplares e protección de aqueles que permanecerán no mesmo lugar xa sexa temporalmente ou de maneira definitiva. Estes criterios foron comunicados as diferentes empresas executoras das obras e se supervisarán directamente polo Servizo de Montes, Parques e Xardíns.


Son os seguintes:

### 1.- PROTECCION DE ARBORADO


Na execución de obras nas que existe arborado i este vaia a permanecer no seu emprazamento, tomaranse as seguintes medidas de protección de arborado:

#### 1.1.- PROTECCION DA PARTE AÉREA


Coa finalidade de protexer a árbore de posibles danos mecánicos producidos por vehículos, maquinaria de construción ou por accións de tipo laboral, rodearase o tronco de cada un deles de un cercado de material ríxido de 2 m. de altura con acolchado interior, o cal instalarase de xeito que non prexudique a árbore. Nunca se colocará sobre as raíces. Si é posible, as polas baixas ou que colguen ataranse cara arriba, protexendo a zona de atadura para non danar as polas nin o tronco.



## **Montes, Parques e Xardíns**



*Planta construtiva do cercado*



*Detalle do cercado protexendo o tronco*

### **1.2.- PROTECCION DA ZONA RADICAL**

- Non se verterá nada sobre a zona radical
- Non se aportará terra na capa superior do chan a unha distancia inferior de 1 m.do tronco
- Non se sacará terra de toda a zona radical
- Non se abrirán gabias nin se farán outras escavacións en toda a zona radical

En casos puntuais nos que poden existir complicacións para cumprir algúns dos apartados anteriores, consultarase ao Departamento de Montes, Parques e Xardíns quen acordará o tipo de medidas a adoptar.

## **2.- TRANSPLANTE DE ARBORADO DE RÚAS**

Coa finalidade de asegurar o éxito do transplante do arborado de rúa e tendo en conta súas características botánicas e físicas (idade e desenrolo) realizaranse para seu transplante as seguintes operacións:

- a) Poda de equilibrado do sistema aéreo, realizando un terciado das polas secundarias, eliminación de froitos e flores e posterior tratamento dos cortes con produtos funxicidas sellantes.
- b) Aplicación de antitranspirante foliar

## **Montes, Parques e Xardíns**

c) Protección do tronco e polas principais con malla de yute, atado de polas grosas e troncos en árbores multicaules.

d) Apertura de gabia perimetral para a formación de cepellón.

Esta operación levarase a cabo cun sumo coidado, ó tratarse de árbores en rúas as raíces atópanse entrelazadas con conducións e deben ser separadas de estas manualmente, efectuando podas radiculares que posteriormente serán tratadas con funxicidas sellantes.

e) Fixación do cepellón con malla metálica

f) Extracción do exemplar con grúa amarrando as eslingas ó cepellón e a copa

g) Traslado dos exemplares ó seu emprazamento definitivo, onde previamente abriranse os hoyos de plantación.

Cada hoyo de plantación supoñerá a extracción dun metro cúbico de terra, que se separará en función da súa calidade e so se aproveitará a capa de terra que reúna as características idóneas para a plantación. O resto será rexeitada e substituída por terra vexetal.

h) Plantación mantendo a mesma distribución e orientación, previo tratamento hormonal do sistema radicular para favorecer a emisión de novas raíces.

i) Rego copioso de plantación e instalación de rego por goteo para manter humidade constante no sistema radicular no proceso de arraigo i establecemento en novo emprazamento.

Os exemplares arbóreos que se transplante nas rúas serán destinados, en principio, a os lugares indicados no cadro anteriormente mencionado, sempre baixo a supervisión do Servizo e o que se prestarán os coidados oportunos para garantir o seu bo estado.